

# CIMO

## MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024



ENTIDADE DECLARADA  
DE UTILIDADE PÚBLICA

## INDICE



## PRESENTACIÓN

CIMO é una entidade sen ánimo de lucro, declarada de Utilidade Pública, con carácter de organización non governamental, que ven prestando servizos de carácter gratuíto, nunha ampla variedade de áreas: emprego, autoemprego, acción social e formación.

CIMO, naceu como unha realidade constatable para dar resposta a problemáticas diversas de índole social e que o paso do tempo foi consolidando grazas aos seus moitos e específicos servizos.

Desde a súa creación, no ano 1994, veu defendendo a necesidade de seguir vinculando as actuacións en materia de emprego ás políticas sociais, pero mantendo sempre o obxectivo central que inspirou a súa fundación: servir á sociedade nun marco de especialización no ámbito da inserción laboral, desenvolvendo múltiples e específicos programas co obxectivo de xerar emprego na nosa comunidade así como para dinamizar a economía e promover o ámbito empresarial.

Destacar, así mesmo que desde o seu nacemento, CIMO ven colaborando con diversas institucións e organismos, tanto públicos como privados, instrumentándose diversos mecanismos e programas de colaboración con obxectivos comúns.

### **A entidade conta con dous locais onde desenvolve as súas múltiples actividades:**

- ❑ A oficina principal, onde se levan a cabo todo tipo de accións enfocadas ao emprego por conta allea, o servizo de orientación para o autoemprego, e onde xestiónase todo o aparato administrativo da entidade.
- ❑ O Centro de Formación, un amplo local habilitado para impartir accións formativas de diferentes temáticas.



## FINS DA ENTIDADE

Os fins da entidade segundo os seus estatutos son:

- a) Prestar servizos á sociedade.
- b) Promover o emprego, a colocación, o autoemprego, a formación, a iniciativa empresarial, a economía social e o desenvolvemento comunitario.
- c) Promover a información xuvenil, sobre a base da documentación, asesoramento e apoio á xuventude.
- d) Promover actuacións de orientación profesional e vocacional, así como o estímulo na formación empresarial.
- e) Promover a inserción laboral dos desempregados.
- f) Promover a cultura na xuventude mediante actividades culturais e formativas de todo tipo.
- g) Promover actividades de carácter formativo e recreativo.
- h) Promover as novas tecnoloxías, Internet e en xeral todo o relativo á nova sociedade da información.
- i) Promover o dereito de acceso á vivenda
- j) Promover actividades e accións para fomentar o emprego e a formación profesional das mulleres en xeral e dun modo particular todas aquelas en situación ou risco de exclusión social
- k) Promover actividades de servizo voluntario á comunidade.
- l) Promover a participación de voluntarios no desenvolvemento e execución dos servizos que a asociación preste á sociedade.
- m) Promover actividades de intercambio con outras asociacións.
- n) Promover a inserción social e laboral de colectivos en situación ou risco de exclusión social (reclusos e exreclusos, minorías étnicas, inmigrantes, emigrantes retornados, e en xeral colectivos en dificultades).
- o) Promover actividades e accións de información, orientación profesional e apoio á inserción sociolaboral de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.
- p) Promover actividades deportivas.
- q) Promover actividades culturais, educativas e sociais nos centros penitenciarios como medida de reeducación de reclusos.
- r) Promover actividades de interrelación e coñecemento de entidades ou organismos internacionais especialmente aqueles enmarcados dentro da Unión Europea e América Latina no que o ámbito de intervención atópese relacionado cos fins da asociación.
- s) Promover calquera outra actividade lícita que acorde emprender a asemblea xeral.

Todo isto sen interese lucrativo algún.


## AREAS DE TRABAJO

Todos os servizos e programas que CIMO desenvolve son produto dunha planificación e dunha estrutura de traballo consolidada, que se divide en diferentes área de traballo:

- ❑ ÁREA DE EMPREGO
- ❑ ÁREA DE AUTOEMPREGO
- ❑ ÁREA DE FORMACIÓN
- ❑ ÁREA DE ACCIÓN SOCIAL e VOLUNTARIADO



Cada unha delas conta con persoal altamente cualificado que se encarga da execución dos programas da entidade.



## ÁREA DE EMPREGO

O obxectivo prioritario desta Área, céntrase en ser unha canle de comunicación entre dous colectivos ben diferenciados entre si: os/as demandantes de emprego por unha banda, e os empresarios/as que presentan unha necesidade de persoal por outra. Para dar cobertura a tal obxectivo, póñense en marcha unha serie de actuacións destinadas a potenciar a empregabilidade, dando unha resposta eficaz a cada un dos colectivos aos que van dirixidas.

Para levar a cabo este obxectivo desenvólvense tres tipos de accións: Xestión do Currículo dos demandantes de emprego, Asesoramento e orientación laboral e Xestión das necesidades de persoal das empresas.



Desde o mesmo momento en que unha persoa se achegue ao noso servizo, ponse en marcha un proceso coordinado, eficaz e inmediato, que vai desde a recepción– entrevista inicial ata a súa intervención en procesos de selección e posible colocación, asegurando en todo momento o principio de transparencia na intermediación laboral.

**ORIENTACIÓN PROFESIONAL E VOCACIONAL:** O proceso de orientación é considerado como un proceso continuo, sistemático e intencional de mediación, tendente a desenvolver a capacidade de autodeterminación de cada un dos usuarios/as do servizo, para que sexan capaces de identificar, elixir ou reconducir se é preciso, a diversificación das alternativas ofrecidas polo seu entorno, ata asumir as máis acordes co seu potencial e traxectoria vital. Este servizo conta con profesionais cunha sólida formación científica, amplo coñecemento do mercado laboral e das súas flutuacións, ademais dunhas actitudes persoais de axuda que faciliten a empatía e o asesoramento. Con respecto ás accións levadas a cabo polos/as técnicos/as laborais, podemos salienta as seguintes, a pesar de que sempre se debe partir da realidade de cada usuario/a:

Autocoñecemento da persoa para así afrontar a súa toma de decisións.

Revisión, actualización e adecuación do currículo á realidade laboral.

Axudarlle a que sexa consciente das súas posibilidades e de como desenvolvelas e poñelas en práctica.

Proporcionar información sobre estudos, profesional e vocacional.

Proporcionar información sobre técnicas para a busca de emprego: elaboración de currículo, carta de presentación, entrevista de traballo...

Indicar que as accións de información, orientación e busca de emprego que se realizan na entidade, teñen como beneficiarios/as o conxunto da poboación en xeral e en particular os colectivos en risco ou situación de exclusión social, entre eles destacamos os reclusos/as, exreclusos/as, mulleres vítimas de violencia de xénero, discapacitados e inmigrantes.

## ÁREA DE AUTOEMPREGO



Conseguir que unha idea de negocio se transforme nun proxecto real de empresa é un dos obxectivos fundamentais de CIMO. Así, desde o inicio da súa andaina a Área de Emprego por conta propia segue a consolidarse como unha das máis dinámicas da entidade desenvolvendo múltiples e específicos programas co obxectivo de dinamizar a economía e promover o ámbito empresarial.

Este departamento naceu na entidade como un órgano especializado de asesoramento para os/as novos/as emprendedores/as co fin de potenciar o crecemento da cidade e a rotación de

mercados sobre a base dunha incipiente tendencia cara o autoemprego.

Os obxectivos fundamentais da nosa entidade no ámbito do autoemprego e a iniciativa empresarial céntranse en actuacións diversas para acadar:

A implantación de novas iniciativas empresariais co fin último de axudar a xerar riqueza e a crear emprego en Galicia.

Estimular as vocacións empresariais, especialmente en colectivos con difícil acceso ao traballo por conta allea.

Apoiar e impulsar a implantación de iniciativas empresariais unidas ás novas tecnoloxías.

Resolver as dúbidas que os emprendedores/as teñen con respecto aos seus proxectos e aconsellos no eido das posibles axudas que farán máis doados os comezos e financiamento da nova empresa.

Cumprimentar a labor de asesoramento cunha oferta formativa completa e axeitada para cada emprendedor/a.


Consolidar un sistema de titorías individualizadas que lles permita aos promotores/as dun proxecto empresarial, transformar a súa idea inicial nun plan de empresa.

Promoción da competitividade co fin de favorecer a consolidación do tecido empresarial galego.

En definitiva chegar ao emprendedor á realidade empresarial para que sexa capaz de iniciar unha actividade empresarial cos menores riscos e as maiores posibilidades de éxito.

## ÁREA DE FORMACIÓN

Formación e emprego van sempre da man, xa que nesta sociedade é fundamental a preparación para poder afrontar distintos aspectos dentro dunha mesma ocupación.



A formación e a aprendizaxe permanentes son un dos grandes retos na sociedade do coñecemento. En CIMO consideramos que todos/as debemos adquirir conciencia da importancia que isto ten no ámbito laboral actual e na formación e mantemento das nosas capacidades como persoas. Por isto, axuntamos esforzos para ofrecer unha oferta formativa actualizada e centrada no obxectivo de cualificar a profesionais capaces de garantirlle á estrutura empresarial un rendemento eficiente como consecuencia dunha formación baseada en competencias.

Apostamos polo desenvolvemento de especialidades formativas novidosas e innovadoras, que dean resposta aos perfís profesionais demandados polo sector empresarial e que ademais faciliten a implantación de procesos e sistemas innovadores e tecnolóxicos.

Algunhas das accións formativas levadas a cabo foron as seguintes:

- \* *Limpieza de superficies e mobiliario en edificios e locais*
- \* *Actividades de venda*
- \* *Competencias persoais*
- \* *Talleres de emprendemento*
- \* *Hostalería básica*
- \* *Operacións básicas de cociña.*
- \* *Cursos de habilidades sociais para a busca de emprego.*
- \* *Alfabetización dixital*
- \* *[...]*

O noso centro de formación forma parte dunha rede de centros colaboradores da Xunta de Galicia desde o ano 1996 para impartir Formación Ocupacional

Seguindo a nosa filosofía de traballo, son cursos que están especialmente escollidos en función da demanda real do mercado laboral, coa intención de inserir ao maior número de alumnos/as. Para este fin, creouse un servizo de titorización que consiste en por a disposición dos alumnos/as de cada curso un orientador laboral da entidade, que se encargará de facer un seguimento das posibilidades dos alumnos/as para tratar de axudalos a buscar emprego de forma efectiva unha vez rematado o curso.

Cómpre así mesmo facer alusión á formación para o autoemprego, sendo os cursos aquí incluídos moito máis especializados, xa que se trata dunha formación destinada a emprendedores que poden ser usuarios/as do noso servizo de asesoramento gratuíto para a creación de empresas ou simplemente emprendedores/as interesados en formarse en cuestións prácticas.

## **ÁREA DE ACCIÓN SOCIAL E VOLUNTARIADO**

Trátase dun traballo específico con aqueles colectivos que polas súas características concretas, atopan maiores dificultades á hora de empregarse. Con eles fanse actividades formativas e de orientación laboral específicas, un exemplo é o traballo que a entidade ven realizando desde fai varios anos no Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar, os proxectos realizados con mulleres vítimas de violencia, con inmigrantes ou emigrantes retornados.

Podemos indicar que CIMO leva traballando con estes colectivos desde a súa fundación, dando cobertura ás necesidades do colectivo mediante accións encamiñadas á súa total integración. Entre elas destacamos: Punto de información, orientación laboral, formación.

En CIMO consideramos que calquera persoa pode ser voluntaria, todos temos algo que aportar en función das nosas capacidades, motivacións e circunstancias persoais.

Pero se o “que facer” é importante, tamén o é o “como facelo”. Así, a persoa voluntaria comprométese libremente a realizar de forma desinteresada actividades de interese social colaborando en tarefas dunha forma organizada.

En CIMO, un ano máis, brindamos aos nosos voluntarios e voluntarias a posibilidade de participar nun ambicioso proxecto: a loita contra o desemprego e a exclusión social, así como adquirir formación e experiencia nos programas de actuación no eido social. Este propósito concrétoise nas seguintes contribucións:

- ) *Formación en materias relacionadas co traballo que se desenvolve en CIMO, pero que son de utilidade para o voluntario en calquera outro lugar*

- ) *Participar na elaboración e posta en marcha de proxectos de inserción sociolaboral*
- ) *Participar en intercambios con outras entidades de España. Nestes intercambios de experiencias poden coñecer a voluntarios doutras comunidades autónomas, outras formas de traballar e proxectos diferentes.*



## MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024

### ÁREA DE EMPREGO

#### ) Servizo de intermediación laboral

CIMO puxo a disposición de todos aqueles **empresarios/as ou profesionais** que precisen cubrir as súas necesidades de persoal, un servizo integral, no que se beneficiará das seguintes prestacións: busca dos/as candidatos/as máis axeitados/as que se atopen dentro do perfil definido pola empresa, difusión da oferta de emprego en diferentes medios : no noso taboleiro de anuncios, a través do correo electrónico dos nosos usuarios...), seguimento e control dos resultados da selección realizada pola empresa. Do mesmo modo, o servizo de intermediación laboral deu cobertura ás necesidades de busca de emprego dos/as demandantes de emprego, converténdose deste xeito nunha ferramenta útil e precisa na loita contra o desemprego na nosa provincia.

#### ) Itinerarios de Inclusión sociolaboral: INTEGRA-T

Iniciativa destinada a dar cobertura, en materia de emprego, a un grupo de persoas en situación ou risco de exclusión social que precisan dunha atención especializada e dunha metodoloxía de traballo distinta. Foi un traballo integral co/a beneficiario/a (entrevistas individuais e grupais, información e asesoramento, intermediación laboral, acompañamento para a inclusión, derivación a formación específica e ocupacional....)

#### ) Programa Integrado de Emprego

Programa que mellorou a empregabilidade de 100 mulleres dunha forma activa e comprometida, para afrontar as dificultades que impón o acceso ao mercado laboral actual, realizando unha busca de traballo en equipo, adaptándose as novas necesidades das empresas e a situación actual.



#### ) Servizo de orientación laboral

As accións de información, orientación e busca de emprego que se realizan na entidade e teñen como beneficiarios/as o conxunto da poboación en xeral.

Na execución deste servizo contamos con profesionais cunha sólida formación, amplo coñecemento do mercado laboral e das súas flutuacións, ademais dunhas actitudes persoais de axuda que faciliten a empatía e o asesoramento.

## ) **Emprégate**

Proxecto integral de axuda á reinserción social e laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social. As persoas destinatarias deste programa foron persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social.



## ) **Programa de apoio a mulleres nos ámbitos rural e urbano**



Este proxecto é unha iniciativa deseñada para brindar un apoio integral a mulleres de diferentes contextos, tanto rurais como urbanas, co obxectivo de empoderalas, mellorar as súas habilidades para a busca efectiva de emprego e súa cualificación profesional, para desta forma poder acadar un emprego, por conta propia ou por conta allea, preferentemente no ámbito do “emprego verde” ou “emprego dixital”.

## ) **Programa EMPLEA-T**

Programa dirixido a persoas empregadas e desempregadas que queiran mellorar as súas habilidades laborais e incrementar as súas probabilidades de melloría nos seus respectivos traballos ou na procura de novas oportunidades. O obxectivo xeral é ofrecer oportunidades de Reciclaxe profesional (Up-skilling e Re-skilling). Este programa realízase en colaboración con Red Araña.



## ÁREA DE AUTOEMPREGO

### Servizo de orientación para o autoemprego

Esta área está especializada no asesoramento a emprendedores/as. Desde esta área desenvólveronse programas específicos de autoemprego co fin de fomentar a iniciativa empresarial, impulsando a capacidade de innovación, e o aproveitamento de factores endóxenos na nosa comunidade para ser capaces de xerar riqueza e benestar na sociedade.

Este servizo tivo como obxectivo principal motivar ao desempregado/a cara a iniciativa empresarial, fomentando o emprego por conta propia como saída laboral e proporcionándolle a información necesaria para levar a cabo un proxecto empresarial ofrecéndolle asesoramento para tramitar todo tipo de axudas, xestións, plan de viabilidade etc....; incluso se lles ofreceu a posibilidade de optar a varias liñas de financiación mediante microcréditos asinados con convenios entre CIMO e varias entidades financeiras.

A información que se ofreceu os/as emprendedores/as foi a seguinte:

- 📁 Definición e información sobre fórmulas xurídicas
- 📁 Trámites de constitución segundo a fórmula xurídica que mellor se adapte ao promotor
- 📁 Estudos de mercado
- 📁 Viabilidade económico – financeira
- 📁 Valoracións económicas e subvencións e axudas.



### ) **Yo emprendo Galicia**

Programa executado en conxunto con Red Araña dirixido a mozos menores de 30 anos non ocupados e non integrados nos sistemas de educación ou formación. O obxectivo xeral deste programa é mellorar a empregabilidade e a ocupabilidade dos mozos a través do fomento de autoemprego e a iniciativa empresarial. Neste programa traballamos tanto a sensibilización cara ao emprendemento, como o desenvolvemento das competencias emprendedoras que axuden ás persoas participantes na súa inserción laboral..



## Formación en autoemplego



Programa que persigue fomentar a cultura emprendedora, o autoemplego, a economía social e la responsabilidade social das empresas, mediante a realización de charlas de promoción. Dirixido a mozos e mozas que se atopen estudando en centros educativos, ciclos formativos e/ou bacharelato.

## **ÁREA DE ACCIÓN SOCIAL E VOLUNTARIADO**

### Proxecto ACTIVATE

Proxecto para mulleres co obxectivo de adquisición de habilidades e destrezas, mediante as accións executadas co fin de mellorar a participación social e laboral das mulleres, mellorando a súa empregabilidade e facilitándolles unha maior e mellor incorporación á actividade económica e social.



### Programa de inclusión sociolaboral de reclusos/as e exreclusos/as: VALÓRATE

Iniciativa de CIMO que tivo como fin principal conseguir a inserción laboral e social de reclusos do Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar de Ourense a través dunha serie de accións enfocadas á mellora persoal dos/as participantes tanto no aspecto psicolóxico como social e laboral. Entre outras accións realízanse obradoiros e videoforums cos internos.

### Proxecto ANDURIÑA



Dirixido a mulleres en situación de violencia de xénero da Comunidade Autónoma de Galicia, no que o obxectivo principal foi o de buscar a súa integración no mercado laboral, coa finalidade de que se produza unha mellora tanto da situación laboral como familiar das mulleres participantes, mediante a realización de accións de información,

orientación e procura de emprego articuladas en itinerarios personalizados de inserción profesional.

Coas participantes trabállaronse diversos aspectos persoais relacionados coa autoestima, a asertividade, a organización do tempo, a resolución de conflitos, etc., ao mesmo tempo que se motiva para que as mulleres destinatarias se convertan en protagonistas da súa incorporación ao mercado laboral.

Execútanse ditas accións levando a cabo unha serie de técnicas e exercicios individuais e grupais, toda unha estratexia orientada a lograr o cambio de actitudes e a mellora de cualificación que precisa cada participante.

### ) **Proxecto ATENEA**

Proxecto dirixido facilitar a incorporación á vida laboral do colectivo de mulleres en situación ou risco de exclusión social, a través de accións de Itinerarios de inserción: selección, diagnóstico e deseño de Plans de accións personalizadas para a busca de emprego, orientación profesional, intermediación laboral, seguimento da inserción, apoio nas prácticas profesionais non laborais. E de formación prelaboral: nas que se impartiron as seguintes accións formativas: Manipulación de alimentos e Atención no punto de venda, complementadas con prácticas profesionais non laborais en empresas.



## **ÁREA DE FORMACIÓN**

### ) **Formación ocupacional (AFD)**

Desde o inicio da nosa andadura como centro impartidor de Formación Ocupacional ata a actualidade, ano tras ano CIMO desenvolve accións formativas para desempregados a través do PLAN AFD. Durante o ano 2024 impartimos formación en ACTIVIDADES DE VENDA, LIMPEZA DE SUPERFICIES E MOBILIARIO EN EDIFICIOS E LOCAIS, COMPETENCIAS EN LINGUA CASTELÁ E COMPETENCIAS EN LINGUA GALEGA.

## Formación en Novas Tecnoloxías

A alfabetización dixital para a busca de emprego é un aposta que dende CIMO queremos facer, pois coñecemos as demandas que existen no mercado laboral.

### **AULA-EDYTA**

A través desta iniciativa CIMO xunto coa Fundación Orange realizaron un proxecto pedagóxico en torno a educación e a transformación dixital, destinado a colectivos en situación de vulnerabilidade, risco de exclusión e baixa empregabilidade. Realizáronse dúas accións formativas para a busca de emprego a través das novas tecnoloxías, aumentando as capacidades de inserción laboral das persoas participantes.



## Formación específica:

### **NEW START WOMAN**

Proxecto de formación é fomento da cultura emprendedora e a empregabilidade das persoas participantes a través do acceso a coñecementos relacionados co emprendemento empresarial en Economía Social e Solidaria.

**NEW START WOMAN**

Assesoramento e acompañamento para o posto de traballo de apoio profesional en Economía Social e Solidaria

Formación para o emprendemento en Economía Social e Solidaria (20 horas)

- Sesión 1.- Entidades de economía social. Aspectos clave na sección da forma
- Sesión 2.- Entidades de economía social. Formas de Constitución
- Sesión 3.- Plan de Empresa e implantación dun Modelo de negocio Socialista en Entidades de Economía Social O Modelo Coreano
- Sesión 4.- Visión de económico-financieira e Incentivos de Economía Social. Axudas e Subvencións
- Sesión 5.- Facilitade para emprendedores en Economía Social

25 - 29 de outubro de 2024

¡info e inscricións!

Tel: 986 39 15 15  
info@engalicimio.org  
www.cimo.org

XUNTA DE GALICIA | SEPE | CIMO

### **Formación prelaboral no Concello de Paderne de Allariz.**



CIMO desenvolveu unha formación denominada “Operacións básicas de cociña” para persoas en situación ou risco de exclusión social pertencentes ao concello de Paderne de Allariz, ao obxecto de facilitarlles a súa integración no mercado laboral no sector servicios.

Dita actuación realizouse en colaboración co departamento de servizos sociais do propio concello.

### **Formación para mulleres vítimas de violencia de xénero: ANDURIÑA**



A través do programa Anduriña, CIMO desenvolveu diferentes accións formativas prelaborais para mulleres vítimas de violencia de xénero. Durante o ano 2024, impartimos as seguintes accións para as usuarias do programa: Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais, Atención no punto de venda, Competencias dixitais para vida e o emprego.

### **) Profesional Work**

Proxecto desenvolvido en conxunto con Red Araña, no que se busca favorecer as competencias tanto de profesionais como de voluntarios de entidades do campo das adiccións, sobre a planificación e avaliación de proxectos de inserción laboral, así como compartir experiencias de intervención e posibles vías de actuación. Realizouse dito proxecto a través dun seminario on-line.

### **) Historias de Igualdad**

Proxecto que se executou en colaboración con Red Araña, que contemplou a realización de obradoiros de sensibilización e concienciación sobre igualdade de xénero e de concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero, dirixido a alumnos de centros educativos de 1ª a 4º de ESO.

